



## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2024

### Acórdase/apróbase por asentimento<sup>1</sup>:

1. As Actas da reunións anteriores (ordinaria de 24 de xullo de 2024 e extraordinarias do 6 de setembro e do 25 de outubro de 2024).
2. A PDA -para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito- para o curso 2025/2026.
3. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes respecto das materias do título de Grao en Dereito para o curso 2025/2026 e o escrito de motivación.
4. O límite de prazas no Grao en Dereito e no Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito para o curso 2025/2026.
5. A PDA do Mestrado en Avogacía e Procura para o curso 2025/2026.
6. Os informes de accións de coordinación do Grao en Dereito o de Mestrado en Avogacía e Procuradoría do curso 2023/2024.
7. O nomeamento da Profa. Dra. Inés Olaizola Nogales, Catedrática de Dereito Penal da Universidade Pública de Navarra, como Membro Honorífico do Claustro do Profesorado da Facultade de Dereito.
8. A designación dos membros do tribunal do premio extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que rematou os seus estudos no curso académico 2023/2024 (O Tribunal está composto como sigue: Presidenta: Profa. Dra. Ana Tobío Rivas; Vocal: Profa. Dra. Belén Sánchez Ramos; Secretaria: Profa. Dra. Mónica Siota Álvarez).
9. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) As modificacións que, no seu caso, procedan, na PDA do Grao en Dereito e no Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito para o curso académico 2025/2026.
  - b) Ratificación, se procede, da proposta de concesión do premio extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que rematou os seus estudos no curso académico 2023/2024.
  - c) A aprobación do Informe de Revisión do Sistema (IRSD) correspondente ao curso académico 2023/2024.
  - d) Os informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.
  - e) A aprobación da memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2024.
  - f) A aprobación das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade aplicando os criterios de reparto aprobados pola Xunta de Facultade.
  - g) A avaliación, e no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2025.

Ourense, 25 de novembro de 2024  
A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.